

Camiño Inglés

Durante os séculos XII-XV numerosos escandinavos, flamencos, ingleses e irlandeses empregaron as rutas do mar para alcanzar os portos galegos que lles comunicaban con Santiago. Na baixa Idade Media será A Coruña o porto principal, pero xa antes, en época de Xelmírez, comezan a chegar ingleses a Compostela, como Richard Maulever, de Yorkshire, que peregrinou arredor do 1100-04, e Angost da Haye (1094-1123), natural de Lincolnshire. Da realeza destaca Matilde de Inglaterra, filla de Enrique I, quen peregrinou en 1125 e levou consigo unha man do Apóstolo, custodiada na abadía de Reading. Da nobreza do século XII hai que citar aos condes de Worcester, Derby, Chester e Salisbury, e ao bispo de Winchester Hugo de Blois, quen peregrinou en 1151-52. Na mesma época chegaron barcos con cruzados, en 1147 e 1189, procedentes de Flandres e Inglaterra, que arribaron a Faro e á ría de Muros e Noia. No século XII peregrinos e mercadores tamén entraban en Galicia polo porto de Padrón, pero será A Coruña, fundada en 1208 por Alfonso IX o principal porto de chegada de naves con peregrinos. En 1217 outra escuadra cruzada que saíra de Dartmouth entra na Coruña, que nos séculos XIV e XV consolídase como principal porto xacobeo debido á Guerra dos Cen Anos (1337-1453) e á crecente relación comercial entre Inglaterra e Galicia. Desenvólvense así as viaxes comerciais e de peregrinación entre Londres, Bristol, Southampton, Dartmouth, etc. con Galicia. Os peregrinos usaban naves comerciais de liñas regulares e realizaban un curto camiño terrestre. Arredor de 1400 optouse pola viaxe organizada, contando co permiso da Coroa inglesa. O negocio especializouse nalgúns portos do suroeste, como Plymouth, onde determinados armadores adquirían licenzas da Coroa que lles permitían levar un certo número de peregrinos, entre trinta e oitenta, aínda que algúns transportaban a máis de cen. Entre as ofrendas que deixaron os ingleses na catedral resalta un retablo de alabastro de mediados do século XV coa historia de Santiago, do peregrino John Goodyear.



📍 Programación Camiño Inglés

23 de agosto/ 19.00 h
FERROL
📍 Porto As Curuxeiras
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”
Caxade
“E isto é o amor”

24 de agosto/ 19.00 h
NEDA
📍 Paseo Marítimo de Xubia
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

27 de agosto/ 20.00 h
CABANAS
📍 Parque do Areal
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

28 de agosto/ 20.00 h
FENE
📍 Praza Alcalde Ramón
Souto González
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

29 de agosto/ 20.00 h
PONTEDEUME
📍 Parque infantil do Paseo Marítimo
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

30 de agosto/ 18.30 h
CARRAL
📍 Campo da Feira
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

31 de agosto/ 20.00 h
PADERNE
📍 Lugar de Chantada,
Parroquia de Souto
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

5 de setembro/ 20.00 h
A CORUÑA
📍 Xardíns de Méndez Núñez
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”
Caxade
“E isto é o amor”

6 de setembro/ 20.00 h
CULLEREDO
📍 Praza Europa do Burgo
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

7 de setembro/ 20.00 h
CAMBRE
📍 Auditorio do Parque da Igrexa
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

8 de setembro/ 20.00 h
BETANZOS
📍 Praza Irmáns García Naveira
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

9 de setembro/ 19.00 h
NARÓN
📍 Paseo Marítimo Xuvia
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

10 de setembro/ 20.00 h
MESÍA
📍 Praza do Concello, Xanceda
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

11 de setembro/ 20.00 h
ORDES
📍 Alameda
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

12 de setembro/ 20.00 h
OROSO
📍 Exterior da piscina municipal
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

13 de setembro/ 19.00 h
MIÑO
📍 Parque Municipal da Rúa
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”

17 de setembro/ 18.30 h
ABEGONDO
📍 Campo da Feira
Isabel Risco e Fran Rei
“Dous no camiño”



Ferrol. Porto As Curuxeiras



A Coruña. Torre de Hércules